



versión en castellano
english version

accesibilidade

[Buscar na web da USC](#)

[Buscar](#)

[acerca do web](#) | [mapa do web](#) | [directorio](#) | [contacto](#) | [correo web](#) | [ligazóns](#) | [axuda](#)
[Inicio](#) » [Xornal da USC](#) » **Nova**

Xornal. Nova

Mércores, 09 de setembro de 2009

- [Portada](#)
- [Acontece](#)
- [Resumo de prensa](#)
- [Investigación](#)
- [Axenda](#)
- [Opinión](#)
- [Publicacións](#)
- [Entrevistas](#)
- [Edicións anteriores](#)
- [Taboleiro](#)
- [Colabora con nós](#)
- [Buscador do xornal](#)
- [Redacción](#)

A Rede Temática 'As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano' pecha en Santiago o programa para 2010

• Actualizada o Mércores, 09 de setembro de 2009 ás 12:12

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades acolleu estes días a Reunión Anual da Rede Temática 'As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano' que coordina a profesora Blanca-Ana Roig e na que se deu conta da recepción e impacto do monográfico *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* nos distintos ámbitos, tanto en revistas como en artigos e monografías.

Na mesma xuntanza acordouse o programa de accións da rede para 2010, que contempla continuar coa coordinación dos Encontros Luso-Galaico-Franceses que se celebrarán en novembro na Biblioteca Almeida Garrett de Porto baixo o lema 'Maré de libros'.

Paralelamente, comenzarán a preparar un encontro sobre metodoloxías de investigación en literatura infantil e xuvenil para febreiro de 2011 no que ademais participarán os investigadores convidados e en formación que están a realizar traballos en colaboración cos membros da Rede. O encontro desenvolverase na Universidade de Castela-A Mancha, en Cuenca, baixo a coordinación de Pedro Cerrillo Torremocha. A primeira actuación para ir preparándoo será a elaboración dunha base de datos sobre os traballos de investigación titorizados e títulos de teses.

Ademais, organizarán o VII Curso de Formación Continua 'Reescrituras actuais do conto popular. Século XXI' e elaborarán os traballos que conformarán o monográfico anual da Rede *As reescrituras do conto popular (2000-2009)* co obxecto de ofrecer aos mediadores, ademais de traballos teóricos sobre a cuestión, unha selección de obras para a formación lectora.

Na xuntanza contouse coa presenza da Subdirectora de Política Lingüística, Cristina Rubal González, que apoiou e animou á Rede para que seguisse co seu traballo a pesar da crise actual. Tamén recibiron á Rede o Coordinador do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Manuel González), o seu Secretario (Xesús Ferro) e o Coordinador da sección de Literatura (Anxo Tarrío).

[versión para imprimir](#)

Reitoría da USC
 Colexio de San Xerome
 Praza do Obradoiro, s/n
 15782 Santiago de
 Compostela
 Teléfono centralíña: +34 981
 56 31 00
 Teléfono de información: +34
 981 54 71 11

UNI>ERSIA



Unitenda



Grupo
Compostela

Vicerreitoría de Coordinación
 do Campus de Lugo
 Praza Pío XII, 3
 27001 Lugo
 Teléfono: +34 982 28 59 00